

OFICINA TÉCNICA

O Consorcio de Santiago acondicionará a contorna da Colexiata de Sar

O Consorcio de Santiago inicia estes días unha intervención lixeira de mellora da contorna da Colexiata de Sar, uns traballos que consisten no acondicionamento do muro e o pavimento do adro da igrexa.

Esta obra buscará realizar unha consolidación puntual do muro naquelas zonas nas que é indispensable para frear a súa deterioración progresiva así como recuperar a superficie permeable na contorna da fonte, recuperando o solo vexetal ao seu redor.

O obxectivo principal é restaurar o pavimento histórico, substituíndo as lousas de granito e as zonas de chapacuña deterioradas polo uso que tivo a explanada como aparcadoiro de vehículo. O criterio de intervención e a metodoloxía será a mesma que se aplica no programa A PEDRA QUE PISAS de mantemento dos pavimentos históricos de Compostela.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-acondicionara-contorna-da-colexiata-de-sar>



MÚSICA



Os Concertos nos barrios inician a nova temporada da Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia volve aos escenarios no mes de setembro. Farao cos concertos nos barrios os días 14, 15 e 16 en Conxo, Fontiñas e Santa Marta, respectivamente.

Xa a final de mes regresará o proxecto Sensoxenoma, unha iniciativa desenvolvida polo IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria) e a Real Filharmonía de Galicia, no que se aborda cientificamente a resposta do noso xenoma (ADN) perante do estímulo musical.

Máis información:

<http://www.rfgalicia.org/gl/programacion/>

A EAEM publica unha convocatoria extraordinaria para o Curso Avanzado de Especialización Orquestral

A Escola de Altos Estudos Musicais lanza unha convocatoria extraordinaria do Curso Avanzado de Especialización Orquestral na que se ofertan tres prazas de violín, unha de violoncello e unha de fagot.

As persoas interesadas en participar nas probas de selección, que se celebrarán o 22 de setembro, deberán presentar a súa solicitude antes do 12 dese mesmo mes. A inscrición ao curso pode facerse a través da web eaem.es, onde tamén se pode consultar as obras que deberán interpretarse na selección e atoparán todos os requisitos necesarios.

Máis información:

<https://eaem.es/gl/noticias/a-eaem-publica-una-convocatoria-extraordinaria-para-o-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral/>

